

Situación laboral das mulleres en Galiza no ano 2022



Confederación Intersindical Galega

Natividade López Gromaz
Gabinete Técnico Confederal de Economía

Índice

- Situación laboral. Muller 2022.....	4
- Poboación activa.....	6
- Poboación ocupada.....	9
- Ingresos salariais.....	19
- Poboación parada.....	26
- Poboación inactiva.....	27
- Pensións.....	30

Situación laboral. Muller 2022

No ano 2022 entraron en vigor cambios no mercado de traballo introducidos na reforma laboral aprobada a finais do ano 2021. Algúns destes cambios, como os tipos de contrato, modifican estatísticas, non só as relativas aos tipos de contratos, senón tamén as que teñen que ver coa de duración da xornada, temporalidade, etc.

A irrupción dos contratos fixos descontínuos, aínda que na práctica non supuxo cambios importantes nas condicións das asalariadas e asalariados, mudou a porcentaxe de temporalidade e, así mesmo, está a dificultar o cálculo das xornadas, polo que os resultados comparativos poden ter un nesgo importante.

Tampouco debemos esquecer que os dous anos anteriores a 2022 se viron afectados en maior ou menor medida polas consecuencias que a pandemia, provocada pola Covid-19, tivo no mercado laboral. Aínda, durante o ano 2021, un número importante de actividades económicas sufriron restricións de aforo, horario..., polo que a comparativa co devandito ano non é homoxénea.

Nun estudo que pretende analizar a situación laboral das mulleres, este feito é dobremente acusado, xa que foron as mulleres as que sufriron en maior grao as consecuencias laborais que supuxeron as medidas para frear a pandemia. Consecuencias que se reflectiron especialmente no abandono do traballo fóra do fogar dunha parte importante das mulleres, para atender as persoas dependentes.

Feita esta observación, comezamos pola análise dos datos que nos facilita a Enquisa de Poboación Activa (EPA).

Os datos da EPA permítenos analizar a situación do mercado de traballo tendo en conta distintas variábeis: poboación activa, canta dela está en situación de parada ou ocupada, as características da poboación ocupada, poboación inactiva... Neste primeira táboa, imos analizar as principais variábeis do devandito mercado de traballo. Imos ter en conta non só a situación no ano 2022, senón tamén como evolucionou con respecto ao ano anterior, e se se acadaron os niveis previos á pandemia, é dicir, os do ano 2019.

Comezamos pola análise das principais variábeis que compoñen o mercado laboral.

Principais variábeis básicas. Datos en miles

	2019	2021	2022	2022/2019	2022/2021
Total	2.335,30	2.340,90	2.342,60	7,30	1,70
<i>Homes</i>	1.116,60	1.120,00	1.121,10	4,50	1,10
<i>Mulleres</i>	1.218,70	1.220,90	1.221,50	2,80	0,60
P. Activa					
<i>Total</i>	1.241,10	1.228,20	1.240,40	-0,70	12,20
<i>Homes</i>	643	639	638,9	-4,10	-0,10
<i>Mulleres</i>	598	589,2	601,5	3,50	12,30
P. ocupada					
<i>Total</i>	1.095,20	1.085,10	1.103,70	8,50	18,60
<i>Homes</i>	573,9	571,3	574,5	0,60	3,20
<i>Mulleres</i>	521,2	513,8	529,2	8,00	15,40
P. parada					
<i>Total</i>	145,9	143,1	136,7	-9,20	-6,40
Homes	69,1	67,7	64,4	-4,70	-3,30
<i>Mulleres</i>	76,8	75,4	72,3	-4,50	-3,10
P.inactiva					
<i>Total</i>	1.094,20	1.112,70	1.102,20	8,00	-10,50
<i>Homes</i>	473,6	481	482,2	8,60	1,20
<i>Mulleres</i>	620,6	631,7	620	-0,60	-11,70

Fonte: EPA (INE)

Todas as principais variábeis expostas anteriormente amosan unha recuperación da situación laboral con respecto a 2019, mellora que se produciu especialmente neste último ano, e que afectou en maior medida ás mulleres.

O incremento da poboación con máis de 16 anos afectou tanto ás mulleres como aos homes. No caso das mulleres traduciuse nun medre importante da poboación activa e no descenso da inactiva, mentres que no caso dos homes a evolución foi a inversa: máis poboación inactiva e menos activa.

O incremento da ocupación absorbeu toda a nova poboación activa e parte da poboación parada. No caso das mulleres, medrou a poboación activa en 12.300 no último ano, o que leva a que se estimen 3.500 máis que no ano 2019.

A poboación ocupada feminina aumentou en 15.400 persoas no último ano, o que compensou a caída dos dous anos precedentes, o que deixa a comparativa con 2019 en 8.000 mulleres ocupadas máis. No caso dos homes, só aumentou a ocupación en 3.200 persoas neste último ano.

Este aumento da poboación ocupada feminina leva a que se reduce a poboación parada en 4.500 mulleres con respecto a 2019.

Esta primeira foto, inicialmente positiva, non o é tanto, cando desagregamos estas variábeis.

Imos debullar estes datos para afondarmos na análise. Comezamos pola poboación activa.

Poboación activa

Como dicíamos anteriormente, a poboación activa feminina aumentou en 3.500 persoas con respecto a 2019, das cales 3.500 se incorporaron neste último ano. Pola contra, a poboación activa masculina é inferior a 2019.

Na evolución da poboación activa tivo unha importancia significativa a poboación estranxeira, especialmente entre a poboación masculina, mais tamén entre as mulleres. Así, a chegada de inmigrantes mulleres a traballar a Galiza mudou positivamente o resultado final.

No que atinxe ás mulleres, a incorporación de mulleres estranxeiras é importante, especialmente con respecto a 2019, xa que só a incorporación destas permitiu incrementar a poboación activa feminina. No último ano, igualmente medrou o número de mulleres de nacionalidade española, neste caso, o dobre que de mulleres estranxeiras (8.100 e 4.200 respectivamente).

Entre os homes, se non fose polos inmigrantes, a poboación masculina descendería o dobre, xa que se produciu unha incorporación de máis de 8.300 homes estranxeiros desde o ano 2019, o que compensou a caída de 12.500 homes de nacionalidade española.

Poboación activa segundo nacionalidade. Datos en miles.

	2019	2021	2022	2022/2021	2022/2019
<i>Total</i>				0,00	0,00
<i>Total</i>	1.241,10	1.228,20	1.240,40	12,20	-0,70
<i>Homes</i>	643	639	638,9	-0,10	-4,10
<i>Mulleres</i>	598	589,2	601,5	12,30	3,50
<i>Española e dobre nacionalidade</i>					
<i>Total</i>	1.177,40	1.159,00	1.161,70	2,70	-15,70
<i>Homes</i>	611,9	604,8	599,4	-5,40	-12,50
<i>Mulleres</i>	565,5	554,2	562,3	8,10	-3,20
<i>Estranxeira: Total</i>					
<i>Total</i>	63,7	69,2	78,7	9,50	15,00
<i>Homes</i>	31,2	34,2	39,5	5,30	8,30
<i>Mulleres</i>	32,5	35	39,2	4,20	6,70

Fonte: EPA (INE)

No ano 2020 producírase un importante descenso da poboación activa feminina, ligado en moitos casos ao tema dos coidados. O confinamento da poboación, así como as medidas posteriores, obrigaron a moitas mulleres a facérense cargo das persoas dependentes e a abandonaren o traballo fóra do fogar, feito que se prolongou, en boa medida, ao longo do ano 2021. Este feito non afectou estatisticamente ás mulleres estranxeiras, xa que en todos os anos, mesmo durante a pandemia, continuou a medrar a poboación activa feminina estranxeira. No caso das mulleres con nacionalidade española, aínda en 2022 non se acadaron os valores de 2019. Concretamente, hai 3.200 mulleres en activo menos que nese ano.

Foi o incremento da poboación activa estranxeira o que permitiu aumentar a poboación activa total

No que atinxe á idade da poboación activa, os datos reflicten o seguinte:

Poboación activa feminina segundo idade. Datos en miles.

Mulleres					
	2019	2021	2022		
Total	598	589,2	601,5	3,50	12,30
<i>de 16 a 19 anos</i>	3	1,8	2,9	-0,10	1,10
<i>de 20 a 24 anos</i>	20,9	18,4	20,3	-0,60	1,90
<i>de 25 a 29 anos</i>	46,2	45,9	45,5	-0,70	-0,40
<i>de 30 a 34 anos</i>	61	54,5	55,3	-5,70	0,80
<i>de 35 a 39 anos</i>	79,1	73,7	71,6	-7,50	-2,10
<i>de 40 a 44 anos</i>	99,4	92,4	93	-6,40	0,60
<i>de 45 a 49 anos</i>	91,7	92,6	96	4,30	3,40
<i>de 50 a 54 anos</i>	82,7	83,4	88,5	5,80	5,10
<i>de 55 a 59 anos</i>	65,6	72,3	72,2	6,60	-0,10
<i>de 60 a 64 anos</i>	42,4	45,8	47,2	4,80	1,40
<i>de 65 e máis anos</i>	6	8,4	9	3,00	0,60
% maiores de 45 anos	48,2	51,3	52,0		

Fonte: EPA (INE)

Nin sequera a forte entrada de poboación estranxeira frea o forte avellentamento da poboación activa feminina. Así, no ano 2019 o 48,2% tiña máis de 45 anos; en 2022, esta porcentaxe incrementouse até o 52%, o que supón un grave problema.

O 52% da poboación activa feminina ten máis de 45 anos

No que atinxe ás taxas de actividade en comparanza cos homes:

Taxa de actividade segundo sexo.

	Total	Homes	Mulleres	
	2022			Diferenza
Total	52,9	57	49,2	-7,8
<i>de 16 a 24 anos</i>	27,9	31,9	23,5	-8,4
<i>de 25 a 54 anos</i>	86,9	89,1	84,8	-4,3
<i>de 55 e máis anos</i>	24,5	27,8	21,7	-6,1

Fonte: EPA (INE)

A pesar do incremento da poboación activa feminina neste último ano, persiste unha elevada diferenza con respecto aos homes, diferenza que non parece que a idade vaia corrixir.

Entre a poboación máis nova (menores de 24 anos) é onde se produce a coorte con maiores diferenzas, 8,4 puntos porcentuais. A esperanza é que en parte se deba a unha maior permanencia nos estudos das mulleres respecto dos homes. Aínda así, esta diferenza é moi elevada.

A menor distancia prodúcese entre os 24 e os 54 anos, e aínda así esta é de 4,3 puntos porcentuais, o que supón unha diferenza moi elevada, cuxa posíbel explicación pode estar no maior peso nos coidados no caso das mulleres respecto aos homes, maior peso que se incrementa aínda máis a medida que aumenta a idade.

A partir dos 55 anos a diferenza é de 6,1 puntos.

En canto á situación laboral destas mulleres, imos analizala a seguir, comezando pola poboación ocupada.

Poboación ocupada

No que respecta ao medre da ocupación total, este medre dáse fundamentalmente nos últimos anos entre a poboación ocupada feminina. Do 1.103.000 persoas ocupadas en Galiza no ano 2022, o 48% son mulleres. No ano 2019 eran a 47,5%.

A media de mulleres que estiveron traballando durante o ano 2022 é de 529.200.

Poboación ocupada segundo sexo. Datos en miles.

	2019	2021	2022	2022/2021	2022/2019
<i>Total</i>	1.095,20	1.085,10	1.103,70	18,60	8,50
<i>Homes</i>	573,9	571,3	574,5	3,20	0,60
<i>Mulleres</i>	521,2	513,8	529,2	15,40	8,00

Fonte: EPA (INE)

Con respecto a 2019, o medre da poboación ocupada foi de 8.500 persoas. Este incremento da ocupación deuse maioritariamente entre as mulleres. Así, a meirande parte do emprego que se crea é feminino. No último ano, o 83% dos novos postos de traballo foron ocupados por mulleres. Con respecto a 2019, o 94%.

Novamente, a nacionalidade das persoas marca diferenzas.

Poboación ocupada por nacionalidade e sexo. Datos en miles.

	<i>Total</i>			<i>Homes</i>			<i>Mulleres</i>		
	2019	2021	2022	2019	2021	2022	2019	2021	2022
<i>Total</i>	1.095,20	1.085,10	1.103,70	573,9	571,3	574,5	521,2	513,8	529,2
<i>Española</i>	1.016,90	1.001,80	1.004,70	534,5	528,9	526,5	482,3	472,9	478,3
<i>Española e outra</i>	29,8	32,8	37,1	13,6	14,9	15,7	16,2	17,8	21,4
<i>Estranxeira: Total</i>	48,5	50,5	61,9	25,8	27,5	32,4	22,7	23	29,5
<i>Estranxeira: Unión Europea</i>	15,1	12,5	14,9	8,8	8	9,9	6,3	4,5	5
<i>Estranxeira: América Latina</i>	25,2	27	34	11,7	11,5	14,6	13,5	15,5	19,4
<i>Resto de Europa e do mundo</i>	8,2	11	13	5,2	8	7,9	3	3	5,2

Fonte: EPA (INE)

En concordancia coa evolución da poboación activa, no aumento da poboación ocupada ten unha incidencia moi elevada a poboación estranxeira

A poboación estranxeira feminina cobre a meirande parte dos novos postos de traballo

No caso dos homes, só aumenta a ocupación entres os homes estranxeiros, maioritariamente entre os procedentes de América Latina.

En canto ás mulleres, tanto entre as de nacionalidade española como entre as estranxeiras, medrou a ocupación. E tamén entre as estranxeiras, as procedentes de América Latina son maioritarias, con respecto ao ano 2021.

En comparanza con 2019, aínda hai menos mulleres de nacionalidade española traballando que nesa data, polo que o incremento total da ocupación feminina é debido á maior presenza de mulleres estranxeiras no mercado de traballo. Tamén neste caso as procedentes de América Latina son maioría.

En canto ao nivel de formación, apréciase que este factor é cada vez máis determinante no emprego.

Poboación ocupada segundo nivel de estudos, por sexo. Datos en miles.

	Homes		Mulleres		Homes	Mulleres
	2019	2022	2019	2022	2022/2019	2022/2019
<i>Total</i>	573,9	574,5	521,2	529,2	0,6	8
<i>Española e dobre nacionalidade</i>	548,1	542,2	498,5	499,6	-5,9	1,1
<i>Estranxeira</i>	25,8	32,4	22,7	29,5	6,6	6,8
Analfabetos					0	0
<i>Total</i>	0,4	1	0,2	0,3	0,6	0,1
<i>Española e dobre nacionalidade</i>	—	0,1	—	0,2		
<i>Estranxeira</i>	0,4	0,9	0,2	0,1	0,5	-0,1
Estudos primarios					0	0
<i>Total</i>	17,2	13,5	13,7	8,7	-3,7	-5
<i>Española e dobre nacionalidade</i>	13,1	10,6	11,4	7,4	-2,5	-4
<i>Estranxeira</i>	4,1	2,9	2,3	1,4	-1,2	-0,9
Educación secundaria. Primeira etapa					0	0
<i>Total</i>	195,3	184,2	131,6	120	-11,1	-11,6
<i>Española e dobre nacionalidade</i>	189,7	174,8	126,6	112,1	-14,9	-14,5
<i>Estranxeira</i>	5,6	9,4	5	7,9	3,8	2,9
Educación secundaria. Segunda etapa					0	0
<i>Total</i>	139	137,7	119,1	111,1	-1,3	-8
<i>Española e dobre nacionalidade</i>	131,2	126,5	111,5	102,1	-4,7	-9,4
<i>Estranxeira</i>	7,7	11,2	7,7	9	3,5	1,3
Educación superior					0	0
<i>Total</i>	222	238,2	256,6	289,1	16,2	32,5
<i>Española e dobre nacionalidade</i>	214,2	230,1	249	277,9	15,9	28,9
<i>Estranxeira</i>	7,8	8	7,6	11,2	0,2	3,6

Fonte: EPA (INE)

O nivel de formación das mulleres traballadoras en Galiza cada vez é máis elevado, especialmente no caso das de nacionalidade española.

Así, desde o ano 2021, aumentou fortemente a presenza de mulleres con formación superior: hai 32.500 máis, das cales o 28.900 son de nacionalidade española. De feito, entre as de nacionalidade española só medrou a ocupación entre as que teñen formación superior. Nos outros niveis de formación producíronse descensos moi importantes.

No ano 2022 o 54,6% das mulleres traballadoras teñen formación superior; no ano 2019 esta cifra era do 53,3%.

O 54,6% das mulleres ocupadas en Galiza teñen formación superior.

Pola contra, no que se refire aos homes ocupados só o 40% teñen formación superior.

En canto á distribución da ocupación por ramas de actividade e sexo, esta é como segue:


Poboación ocupada por rama de actividade e sexo. Datos en miles.

	Homes		Mulleres		Homes 2022/2021	Mulleres 2022/2021	Taxa de feminización
	2021	2022	2021	2022			
Total	571,3	574,5	513,8	529,2	3,2	15,4	47,9
Agricultura e pesca	44,6	44,8	22,8	21,7	0,2	-1,1	32,6
Industria	122,6	114,5	48,1	52,9	-8,1	4,8	31,6
Ind extractivas	3,8	2,7	0,3	0,7	-1,1	0,4	20,6
Ind manufactureira	110,2	106,8	45,1	49,9	-3,4	4,8	31,8
Indalimentación	21	20,4	20	21,9	-0,6	1,9	51,9
Ind téxtil	2,1	2,4	5,5	6,5	0,3	1	73,0
Ind da madeira	12,4	11,3	2,6	3,4	-1,1	0,8	23,1
Metalurxia e prod metálicos	27,3	28,1	2,9	3,4	0,8	0,5	10,8
Fab de material de transporte	31,7	28,7	6,6	6,4	-3	-0,2	18,2
Resto da industria	15,7	15,8	7,5	8,3	0,1	0,8	34,4
Energía	8,6	5,1	2,7	2,2	-3,5	-0,5	30,1
Construción	67,2	67,4	5,5	6,2	0,2	0,7	8,4
Servizos	337	347,8	437,3	448,4	10,8	11,1	56,3
Comercio	82	83,7	86,9	92,4	1,7	5,5	52,4
Transporte	42,9	42,6	9,4	12	-0,3	2,6	22,0
Hostalaría	24,9	28,9	39,1	41,2	4	2,1	58,8
Act de información...	81,3	86,7	76,9	79,4	5,4	2,5	47,8
Admón. pública	40	39,4	31,3	28,4	-0,6	-2,9	41,9
Educación	21,7	21,9	50,1	51,7	0,2	1,6	70,2
Act sanitarias e de ser soc	23,9	22,3	85,4	86,7	-1,6	1,3	79,5
Resto de servizos	20,3	22,2	58,3	56,5	1,9	-1,8	71,7

Fonte: EPA (INE)

A distribución sectorial marca importantes diferenzas entrambos os sexos. No seguinte gráfico, coa distribución porcentual por sectores, está reflectida a devandita distribución sectorial.

Distribución porcentual da poboación ocupada por sectores económicos.



A pesar de que o sector servizos é maioritario en ambos os sexos, no caso das mulleres a incidencia é moito maior. O 84,7% das mulleres traballadoras en Galiza faino nalgunha actividade relacionada co sector servizos. No caso dos homes, esta porcentaxe descende até o 60,5%.

O segundo sector con maior peso na ocupación é o industrial, pero neste caso, mentres o 19,9% dos homes traballan no devandito sector só o fan o 9,9% das mulleres.

O 84,7% das mulleres ocupadas faino nalgunha actividade do sector servizos

Analizando máis polo miúdo as distintas actividades que compoñen os distintos sectores, as diferenzas, nalgún caso, incrementanse.

Con respecto a 2019, no que atinxe á redución de empregos, entre as mulleres baixou lixeiramente a ocupación no sector primario e, entre os homes, no sector industrial.

A nivel industrial, a redución de empregos produciuse nas actividades máis masculinizadas, como “material de transporte” e “madeira”. Pola contra, nas de maior taxa de feminización, como “industria téxtil” e “industria da alimentación”, aumentou a ocupación, o que permitiu un medre da ocupación feminina no sector industrial con respecto a 2019 de 4.800 empregos. Pola contra, no caso dos homes reduciuse o emprego industrial en 8.100 postos de traballo.

No que atinxe ao sector servizos, entre as mulleres, agás na administración pública e outros servizos, no resto das actividades que compoñen este sector, aumentou a ocupación con respecto ao ano 2019, sendo no comercio onde se produciu o medre máis destacado.

A rama de actividade coa taxa de feminización máis alta estímase en “actividades sanitarias e de servizos sociais”, onde as mulleres representan o 79,5% do total da ocupación. Tamén en “educación”, o peso das mulleres é preponderante, concretamente o 70.2% da ocupación nesta rama é feminina.

No sector industrial, a “industria téxtil” tamén presenta un elevado nivel de feminización, cun 73% da ocupación feminina.

A menor presenza de mulleres dáse na construción, onde só o 8,4% do total das persoas empregadas son mulleres.

Esta evolución sectorial repercute na distribución das ocupadas por categorías profesionais. Vexamos o seguinte gráfico:

Mulleres ocupadas segundo categoría profesional.

	Mulleres			2022/2019	2022/2021
	Total				
	2019	2021	2022		
<i>Total</i>	521,2	513,8	529,2	8,00	15,40
<i>Empresario/a con asalariados/as</i>	25,6	26	27,2	1,60	1,20
<i>Traballador/a independente ou empresario/a sen asalariados/as</i>	58,2	55,4	53,3	-4,90	-2,10
<i>Membro dunha cooperativa</i>	1	0,6	0,5	-0,50	-0,10
<i>Axuda na empresa ou negocio familiar</i>	3	2,7	2,6	-0,40	-0,10
<i>Asalariado/ do sector público</i>	112,1	118,1	115,7	3,60	-2,40
<i>Asalariado/a do sector privado</i>	321,3	310,6	329,8	8,50	19,20
<i>Outra situación</i>	—	0,3	0,1		-0,20

Fonte: EPA (INE)

No último ano, todo o emprego feminino que se creou foi como asalariadas no sector privado.

No que atinxe ao sector público, con respecto a 2019, aínda existe un maior número de mulleres empregadas no devandito sector, pero xa no último ano a redución foi importante. Aos poucos, van desaparecendo os postos de traballos creados no sector público para facer fronte aos efectos da pandemia e que incrementaran altamente o emprego no devandito sector.

Con esta evolución, en 2022 o 84,2% das mulleres ocupadas son traballadoras asalariadas, das cales o 25,6% son asalariadas do sector público.

Á hora de analizarmos as condicións das persoas asalariadas, aparecen os cambios introducidos na última reforma laboral aplicados en 2022, e que modifican substancialmente a comparación homoxénea con anos anteriores.

O cambio que máis pode dificultar a comparación é a forte irrupción dos contratos fixos/descontínuos. Aínda que unha parte importante deste tipo de contratación vén a substituír os contratos temporais, no momento de analizar as estatísticas vemos que isto modifica substancialmente os resultados.

En consecuencia, o que se reflicte é un descenso da temporalidade.

Poboación asalariada por tipo de contrato e sexo. Datos en miles.

	2019	2021	2022	2022/2019	2022/2021
<i>Total</i>	878,3	876,4	900,4	22,10	24,00
<i>Homes</i>	444,9	447,7	454,9	10,00	7,20
<i>Mulleres</i>	433,4	428,7	445,4	12,00	16,70
<i>Contrato indefinido</i>				0,00	0,00
<i>Total</i>	645,8	661,8	726,1	80,30	64,30
<i>Homes</i>	333,1	348,2	379,2	46,10	31,00
<i>Mulleres</i>	312,8	313,6	346,9	34,10	33,30
<i>Contrato temporal</i>				0,00	0,00
<i>Total</i>	232,5	214,6	174,3	-58,20	-40,30
<i>Homes</i>	111,8	99,5	75,8	-36,00	-23,70
<i>Mulleres</i>	120,7	115,1	98,5	-22,20	-16,60
<i>Taxa temporalidade homes</i>	25,1	22,2	16,7		
<i>Taxa de temporalidade mulleres</i>	27,8	26,8	22,1		
<i>Taxa de temporalidade total</i>	26,5	24,5	19,4		

Fonte: EPA (INE)

O descenso das persoas asalariadas con contrato temporal reduce a taxa de temporalidade media ao 19,4%. A redución foi maior no caso dos homes que no caso das mulleres. A taxa feminina apenas se reduciu en 4,7 puntos, mentres que a redución da masculina foi de 5,6 puntos porcentuais. Ao partir xa dunha diferenza importante, esta evolución non fixo máis que ampliar a fenda: a taxa de temporalidade feminina é 5,5 puntos superior á masculina en 2022; o ano anterior era 4,6 puntos superior, situándose no 22,1% a feminina e no 19,4% a masculina.

A taxa de temporalidade feminina supera a masculina en 5,5 puntos porcentuais.

Como se dixo anteriormente, moitos destes novos contratos indefinidos son fixos discontinuos (que reducion a temporalidade), é dicir, as persoas contratadas con esta modalidade de contratación non significa que traballasen todo o ano, co cal, en esencia, son semellantes aos temporais, xa que non garanten unha continuidade ao longo do ano, nin polo tanto uns ingresos regulares.

No cadro seguinte, reflíctese o forte medre deste tipo de contratos (non de poboación, senón de contratos rexistrados no SEPE).

Evolución dos contratos indefinidos segundo xornada.

	2022	2021	2022/2021 %
<i>Total</i>			
<i>Completa</i>	128.455	59.079	117,4
<i>Parcial</i>	77.002	24.164	218,7
<i>Fixos discontinuos</i>	65.063	7.330	787,6
<i>Total</i>	270.520	90.573	199
<i>Homes</i>			
<i>Completa</i>	82.837	38.457	115,4
<i>Parcial</i>	25.260	7.152	253,2
<i>Fixos discontinuos</i>	33.791	4.168	710,7
<i>Total</i>	141.888	49.777	185
<i>Mulleres</i>			
<i>Completa</i>	45.618	20.622	121,2
<i>Parcial</i>	51.742	17.012	204,2
<i>Fixos discontinuos</i>	31.272	3.162	889,0
<i>Total</i>	128.632	40.796	215

Fonte: SEPE

Aínda que, independentemente da xornada, os contratos indefinidos no seu conxunto aumentaron preto dun 200% (concretamente un 199%), sen dúbida o maior medre rexistrárono os fixos discontinuos, que aumentaron un 787%. Neste tipo de contratos non se coñece nin a duración da xornada, nin o número de días que se traballou ao longo do ano, polo que en moitos casos as persoas que os subscribiron puideron empeorar as condicións laborais con respecto á situación anterior.

Entre as mulleres foi onde máis aumentou a contratación, especialmente entre as que subscribiron un contrato fixo/discontinuo, que aumentaron un 889%, incremento superior ao rexistrado entre os homes, que foi do 710,7%.

Tamén os contratos de xornada parcial aumentaron máis que os de xornada completa. Así, se sumamos ambos (xornada parcial e fixos descontínuos) o resultado supera altamente os contratos a xornada completa, feito que non sucedía antes da reforma.

Con todo, os contratos temporais, aínda que se reduciron, continúan sendo numerosos.

Contratos temporais segundo duración do contrato. Mulleres.

Total	388.565	
<i>Indefinidos</i>	101.364	
<i>Temporais</i>	287.201	% temporais
<i>Menos de 1 semana</i>	100.512	35,0
<i>De 1 semana a 1 mes</i>	56.027	19,5
<i>De 1 a 6 meses</i>	65.488	22,8
<i>De 6 meses a 1 ano</i>	4.953	1,7
<i>Máis de 1 ano</i>	650	0,2
<i>Indeterminado</i>	59.571	20,7

Fonte: SEPE

Os contratos temporais non só son moi numerosos (en 2022 rexistráronse no SEPE 287.201 contratos asinados por mulleres), senón que teñen unha escasa duración. De feito, en 2022 o 54,5% dos contratos temporais asinados por mulleres tiveron unha duración inferior ao mes. O ano anterior esta cifra era do 43%.

0 35% dos contratos temporais asinados por mulleres tiveron unha duración inferior á semana en 2022. No ano 2021 foran o 28,3%

Probabelmente, unha das posíbeis explicacións a esta escasa duración dos contratos estea no sector público, onde nin tan sequera se reduciu a temporalidade, e trátase dun sector moi propenso a este tipo de contratos de días.

Neste sector, ademais, a evolución por sexos resulta cando menos curiosa.

Poboación asalariada no sector público, por tipo de contrato e sexo.

	2021	2022
<i>Total</i>	199,3	194,3
<i>Homes</i>	81,2	78,6
<i>Mulleres</i>	118,1	115,7
<i>De duración indefinida</i>		
<i>Total</i>	141,1	136,6
<i>Homes</i>	62,6	61,9
<i>Mulleres</i>	78,5	74,7
<i>Temporal</i>		
<i>Total</i>	58,2	57,7
<i>Homes</i>	18,6	16,8
<i>Mulleres</i>	39,6	40,9
<i>Taxa de temporalidade total</i>	29,2	29,7
<i>Taxa temporalidade homes</i>	22,9	21,4
<i>Taxa de temporalidade mulleres</i>	33,5	35,3

Fonte: EPA (INE)

A pesar desta última reforma laboral, no sector público non se reduciu a temporalidade entre as mulleres (si, en cambio, no caso dos homes).

En termos globais, a temporalidade media no sector público é do 29,7%, 5 décimas máis que en 2021. Este medre xerouno unicamente o aumento desta temporalidade entre as mulleres, que pasou do 33,5% en 2021 ao 35,3% en 2022 (1,8 puntos superior). No caso dos homes, a temporalidade no sector público descendeu 1,5 puntos neste último ano.

A taxa de temporalidade feminina no sector público sitúase no 35,3%, un aumento de 1,8 puntos con respecto ao ano 2021

Ademais, hai que ter presente que o 59,3% das persoas traballadoras no sector público son mulleres.

Cómpre agora analizar como evolucionou a ocupación segundo o tipo de xornada, xa que, ademais da elevada temporalidade, o traballo a xornada parcial é outra das características laborais que máis afecta ás mulleres.

Poboación ocupada por tipo de xornada e sexo.

	Total			Homes			Mulleres		
	2019	2021	2022	2019	2021	2022	2019	2021	2022
<i>Total</i>									
<i>Total</i>	1.095,20	1.085,10	1.103,70	573,9	571,3	574,5	521,2	513,8	529,2
<i>Completa</i>	939,5	938,7	949,2	535,3	537,1	539,1	404,2	401,7	410,1
<i>Parcial</i>	155,6	146,3	154,5	38,6	34,2	35,5	117	112,1	119
<i>% parcialidade</i>	14,2	13,5	14,0	6,7	6,0	6,2	22,4	21,8	22,5

Fonte: EPA (INE)

Non só apenas mudou a parcialidade na contratación, senón que nas máis prexudicadas -que son as mulleres- aumentou a porcentaxe de parcialidade. No ano 2022 o 22,5% das mulleres traballadoras en Galiza tiveron xornada parcial; caso dos homes esta porcentaxe é do 6,2%.

O 77% das persoas traballadoras con contrato a xornada parcial son mulleres; en 2021 esta porcentaxe era do 76,6% e en 2019, do 75,2%.

Mais o que cumpriría saber é cantas semanas ao ano traballaron estas mulleres con contrato a xornada parcial.

Así, todo parece indicar que mudou o nome dos contratos, mais a incidencia sobre as condicións laborais, non. O que faltaría saber é como incide isto nos ingresos.

As xornadas parciais non só continúan sendo tipicamente femininas, senón que están moi ligadas á existencia dos coidados.

Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada e sexo. Datos en miles.

	Total			Homes			Mulleres		
	2019	2021	2022	2019	2021	2022	2019	2021	2022
<i>Total</i>	155,6	146,3	154,5	38,6	34,2	35,5	117	112,1	119
<i>Seguir cursos de ensinanza ou formación</i>	9,3	7,1	7,8	3,9	3,8	3,6	5,4	3,3	4,2
<i>Enfermidade ou incapacidade propia</i>	2,6	2,9	2,8	0,7	1,2	0,7	1,8	1,7	2,1
<i>Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores</i>	21,6	23,5	27,7	1	1,4	1,5	20,6	22,1	26,2
<i>Outras obrigas familiares ou persoais</i>	7,8	8,6	10,4	1	1,8	2,3	6,9	6,8	8,1
<i>Non poder atopar un traballo de xornada completa</i>	84,1	76	75,4	23,1	18,6	18,7	61	57,4	56,7
<i>Non querer un traballo de xornada completa</i>	14,4	12,2	14,4	2,8	2,1	2,4	11,6	10,1	12,1
<i>Outras razóns</i>	15,2	15,5	15	5,9	5,3	6	9,3	10,3	9,1
<i>Non sabe o motivo</i>	0,6	0,5	1	0,2	0,1	0,3	0,3	0,4	0,7

Fonte: EPA (INE)

Non atopar un traballo a xornada completa é o motivo que alegan a maioría das persoas ocupadas como motivo da xornada parcial, independentemente do sexo. A continuación, no caso das mulleres, é o coidado de persoas dependentes o seguinte motivo que se aduce para ter unha xornada a tempo parcial.

Porén, no caso dos homes, a segunda razón que se cita é o seguimento de cursos de formación.

Polo tanto, o tema dos coidados continúa a xerar unha constante e profunda fenda de xénero.

Ingresos salariais

Os datos de ingresos salariais, ao proceder da Axencia Tributaria e ser extraídos das declaracións da renda, van cun ano de atraso respecto aos outros datos do documento. Pero dada a importancia que teñen, ao ser datos de ingresos reais e non estimacións estatísticas, entendemos que é ben introducilos neste documento. Os últimos datos, polo tanto, son os correspondentes ao ano 2021.

Non debemos esquecer neste apartado, á hora de facer comparacións, que o ano anterior, 2020, foi “anómalo” por culpa da pandemia, co cal, calquera comparación con este ano vai ter un nesgo importante. Tampouco o 2021 se pode considerar “normal” xa que aínda persistiron actividades con importantes restricións, aforos limitados, ERTE...

Durante 2020, 196.619 persoas en Galiza estiveron en situación de ERTE nalgún momento ao longo do ano. En 2021 foron 66.672 en ERTE (o 53,3% mulleres, concretamente 35.597). Isto afecta non só aos ingresos por salario senón tamén ás prestacións e, polo tanto, aos ingresos totais.

Facer, polo tanto, a comparativa con 2020 sen avaliar estas características non é moi rigoroso, polo que imos facer as comparacións, maioritariamente, co ano 2019, que, aínda con certas limitacións, permite comparacións máis homoxéneas.

Mentres durante 2020 o 19,2% das persoas asalariadas pasaran por un ERTE ao longo do ano, no ano 2021 esta porcentaxe descendeu até o 6,4%. O que si continuaron sendo os colectivos de menores ingresos os máis afectados, en concreto, o 81% deuse entre as persoas con ingresos inferiores a 1,5 veces o SMI. O grupo máis afectado foi entre a metade e o SMI, onde un 14,2%, das persoas que integran este grupo sufriron un ERTE ao longo do ano.

O 53,3% das persoas afectadas por un ERTE en Galiza no ano 2021 foron mulleres

Pola contra, a medida que aumentan os ingresos, redúcense as persoas afectadas por un ERTE.

Ao facer a comparación co ano 2019, tamén debemos ter en conta a suba do SMI, que pasou de 900 € ao mes nese ano a 950€ en 2021. Isto non só afecta aos ingresos máis baixos, senón que tamén pode mudar a distribución por tramos dos devanditos ingresos.

Así, con respecto a 2019, non se acadaron os niveis de emprego deste ano. É máis, en xeral houbo 13.470 persoas menos con ingresos procedentes do traballo, un 1,3% menos. No que atinxe aos ingresos, de media, medraron un 4,6%, en boa media explicado polo medre do SMI¹, que con respecto a 2019 foi un 5,5% superior.

¹ O SMI: 2021= 950€ mes (13.370,16 ano).
2019= 900€ mes (12.600 ano).

No que atinxe ao sexo, a variación, fenda de xénero e diferenza con respecto aos homes, foi como segue.

Ambos os sexos **Homes** **Mulleres** **Fenda salarial de xénero** **Diferenza en termos absolutos**

<i>Galiza</i>					
2009	18.217	20.271	15.594	23,1	-4.677
2010	18.314	20.408	15.704	23	-4.704
2011	18.271	20.393	15.688	23,1	-4.705
2012	17.737	19.865	15.227	23,3	-4.638
2013	17.770	19.820	15.383	22,4	-4.437
2014	17.729	19.746	15.414	21,9	-4.332
2015	17.839	19.899	15.501	22,1	-4.398
2016	18.114	20.243	15.730	22,3	-4.513
2017	18.463	20.554	16.123	21,6	-4.431
2018	19.159	21.327	16.755	21,4	-4.572
2019	19.879	22.038	17.511	20,5	-4.527
2020	19.900	21.887	17.720	19	-4.167
2021	20.784	22.818	18.580	18,6	-4.238

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

De media, no último ano, os ingresos por salario aumentaron un 4,4%. Incremento lixeiramente superior no caso das mulleres a respecto dos homes, (4,8% e 4,2% respectivamente), o que reduciu a fenda salarial de xénero ao 18,6%. No ano 2020 esta cifra fora do 19%, polo tanto a redución é de apenas catro décimas.

Con todo, en termos absolutos, a diferenza de ingresos aumentou: de media no ano 2021, 4.238 euros brutos anuais. No ano 2019 era 4.167 a media do que as mulleres ingresaban menos con respecto aos homes.

Esta redución na fenda salarial de xénero pode vir motivada por varias razóns, entre elas: o aumento do SMI. Este aumento beneficia en maior medida as persoas de menores ingresos; como son maioritariamente as mulleres as que están na parte máis baixa da táboa, este pequeno incremento contribúe a unha redución das diferenzas cos homes. Ademais, o feito de que se estean xubilando homes con ingresos relativamente elevados, en todo caso superiores aos dos que se incorporan, reduce o salario medio dos homes e, polo tanto, a diferenza coas mulleres. Así mesmo, desde o ano 2019, e a causa da pandemia, incorporáronse máis mulleres ao sector público, un sector con menor desigualdade que o privado.


Desde hai dous anos, a Axencia Tributaria publica un módulo específico, chamado Módulo salarial, no cal, cruzando datos da axencia tributaria coa Seguridade Social, se estimou o salario equivalente a tempo completo, que se denominou Salario Media Estimado (SME) e que sería o equivalente a traballar os 12 meses do ano a tempo completo.

Tendo en conta este indicadores, é dicir, que tanto homes como mulleres traballamos os 12 meses do ano e a xornada completa, a fenda de xénero sería só do 7,7%, polo que a diferenza

até o dato do 18,6%, atendendo aos ingresos reais, só pode ser debida ás maiores condicións laborais de precariedade das mulleres: maior temporalidade, maior parcialidade...

Distribución da poboación asalariada por tramo de ingresos e sexo.

	% sobre intervalo de ingresos		% total persoas asalariadas	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
<i>Total tramos de salario</i>	52,1	47,9	100,0	100,0
<i>De 0 a 0,5 SMI</i>	44,0	56,0	15,0	20,7
<i>De 0,5 a 1 SMI</i>	41,3	58,7	14,1	21,7
<i>De 1 a 1,5 SMI</i>	53,6	46,4	24,6	23,1
<i>De 1,5 a 2 SMI</i>	61,0	39,0	18,6	12,9
<i>De 2 a 2,5 SMI</i>	58,9	41,1	9,2	7,0
<i>De 2,5 a 3 SMI</i>	54,9	45,1	7,0	6,2
<i>De 3 a 3,5 SMI</i>	55,0	45,0	4,1	3,6
<i>De 3,5 a 4 SMI</i>	59,3	40,7	2,4	1,8
<i>De 4 a 4,5 SMI</i>	65,1	34,9	1,5	0,9
<i>De 4,5 a 5 SMI</i>	62,0	38,0	1,0	0,7
<i>De 5 a 7,5 SMI</i>	63,8	36,2	2,0	1,2
<i>De 7,5 a 10 SMI</i>	74,5	25,5	0,4	0,1
<i>Máis de 10 SMI</i>	82,7	17,3	0,3	0,1



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

A leve redución da fenda de xénero non modifica na súa globalidade a situación económica das mulleres en Galiza. Así, as mulleres continúan sendo maioría nos intervalos de menores ingresos, e ademais concéntranse maioritariamente nestes intervalos.

En conxunto, as mulleres representaron o 47,9% do total da poboación asalariada que declarou ingresos a Facenda no ano 2021. Porén, nos dous tramos de ingresos inferiores aos SMI (Salario Mínimo Interprofesional), o peso das mulleres é moi superior a esta porcentaxe e, polo tanto, moito maior que o dos homes.

Concretamente até ingresos iguais ou inferiores ao SMI, o peso das mulleres é maior do 56%. A partir deste intervalo, o peso das mulleres vai descendendo a favor dos homes, até o tramo de maiores ingresos, onde as mulleres só representan o 17,3% (no ano anterior eran o 17,6%).

Entre as persoas que non acadaron o SMI, a presenza das mulleres é 15 puntos porcentuais superior á dos homes. A partir deste nivel de ingresos comeza a distancia a favor dos homes, incrementándose a medida que medra o nivel de ingresos. No último tramo, esta diferenza é de 65,5 puntos porcentuais.

O gráfico é moi ilustrativo, xa que permite ver con moita precisión o peso por sexos en cada intervalo de ingresos. Persiste esa “tesoira aberta”, co punto de cruce moi próximo ao inicio da distribución, concretamente entre o segundo e terceiro intervalo. A partir de aquí a abertura vai marcando o maior peso dos homes a custa das mulleres.

Os ingresos salariais do 42,4% das mulleres asalariadas en Galiza non alcanzaron o SMI

Esta sobrerrepresentación das mulleres no tramo de menores ingresos leva a que o 42,4% obtivesen uns ingresos inferiores ao SMI (no ano 2019 foran o 41,5%). No caso dos homes, os que ingresan menos do SMI supoñen o 29,1% do total.

A estas fortes diferenzas con respecto aos homes, temos que engadir as existentes entre as propias mulleres traballadoras, a saber:

Os ingresos por salario medio das mulleres en Galiza no ano 2021 foron de 18.580 euros brutos anuais, pero a estes ingresos non chega o 65,5% das mulleres asalariadas; ou o que é o mesmo, apenas o 34,5% das mulleres galegas tiveron ingresos superiores a esta cantidade, dato que por si só amosa a gran desigualdade existente.

En canto á distribución da poboación asalariada feminina por tramos de ingresos, no ano 2021, esta é como segue a continuación.

Distribución da poboación asalariada feminina por tramos de ingreso.

		Mulleres	
		2021	
		Asalariadas	Salario medio anual
Total tramos de salario		499.991	18.580
	<i>De 0 a 0,5 SMI</i>	103.463	2.946
	<i>De 0,5 a 1 SMI</i>	108.410	10.185
	<i>De 1 a 1,5 SMI</i>	115.664	16.287
	<i>De 1,5 a 2 SMI</i>	64.536	23.080
	<i>De 2 a 2,5 SMI</i>	34.813	29.980
	<i>De 2,5 a 3 SMI</i>	31.092	36.482
	<i>De 3 a 3,5 SMI</i>	18.135	43.222
	<i>De 3,5 a 4 SMI</i>	9.091	49.564
	<i>De 4 a 4,5 SMI</i>	4.321	56.617
	<i>De 4,5 a 5 SMI</i>	3.277	63.286
	<i>De 5 a 7,5 SMI</i>	6.096	78.391
	<i>De 7,5 a 10 SMI</i>	749	112.181
	<i>Máis de 10 SMI</i>	344	236.275

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

Os datos son o suficientemente elocuentes, a maioría das mulleres concéntrase nos grupo de menores ingresos:

- Para o 20,7% das mulleres asalariadas, os seus ingresos brutos foron inferiores aos 2.946 euros brutos anuais. Estamos falando de 103.463 mulleres.
- Se subimos até os 10.185 euros anuais, sería o 42,4% das mulleres as que ingresarían menos desta cantidade.
- No tramo de maiores ingresos, máis de 10 veces o SMI, só se situarían 344 mulleres, o 0,1% do total. Iso si, con ingresos superiores aos 236.275 euros brutos anuais.

Estes cativos ingresos veñen motivados por distintas variábeis: a abundante presenza de mulleres con xornadas parciais, como describimos anteriormente, é unha moi importante, e os menores salarios nas actividades máis feminizadas, é outra variábel a ter moi en conta.

No que atinxe ás actividades económicas, no cadro seguinte reflíctese a distribución, por sexo, da poboación asalariada distintas actividades económicas, así como o Salario Medio Anual correspondente a cada unha delas, por sexo.

Poboación asalariada, SMA e taxa de feminización.

	Homes		Mulleres		Taxa feminización	Fenda de xénero
	2021		2021			
	Asalariados	SMA	Asalariadas	SMA		
<i>Galiza</i>						
<i>Total sectores</i>	542.822	22.818	499.991	18.580	47,9	18,6
<i>S primario</i>	19.930	17.369	5.445	13.351	21,5	23,1
<i>I extractiva, enerxía e auga</i>	8.558	31.013	2.005	24.515	19,0	21,0
<i>Industria</i>	91.781	24.674	40.792	18.919	30,8	23,3
<i>Construción</i>	66.775	20.263	12.808	18.340	16,1	9,5
<i>Comercio</i>	127.935	21.783	103.712	16.100	44,8	26,1
<i>Información e comunicacións</i>	15.143	28.880	8.371	22.545	35,6	21,9
<i>Entidades financeiras e aseguradoras</i>	9.008	40.440	10.449	30.104	53,7	25,6
<i>Servizos ás empresas</i>	63.883	19.073	76.041	14.027	54,3	26,5
<i>Servizos sociais</i>	94.178	29.934	175.436	24.994	65,1	16,5
<i>Outros servizos persoais e de ocio</i>	45.631	11.638	64.932	8.265	58,7	29,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

Do gráfico conclúese que existe unha relación clara: a maior taxa de feminización, maior fenda de xénero.

Unicamente as persoas traballadores de “servizos sociais”(cunha taxa de feminización do 65,1% e unha fenda do 16,5%) rompen a máxima anterior; no resto das actividades, conviven altas taxas de feminización con elevadas fendas salariais.

Esta excepción nesa rama de actividade ten que ver coa forte presenza de persoas do sector público dentro dela, xa que engloba actividades como sanidade e educación, onde a presenza do sector público é elevada e as desigualdades salariais menores, polo elevado peso de persoal funcionario. Os ingresos medios das traballadoras nesta rama de actividade foron de 24.944 euros brutos anuais.

A rama de maiores ingresos é a de actividade financeiras e seguros, onde a presenza das mulleres é do 53,7%, cuns ingresos medios de 30.104 euros anuais. A fenda de xénero nesta rama de actividade é do 25,6%.

A rama de actividade coa maior fenda de xénero é a de “outros servizos persoais e de ocio”, cunha presenza de mulleres do 58,7%, e unha fenda do 29%. Os ingresos medios nesta rama de actividade apenas superan a metade do SMI.

A menor fenda de xénero dáse no sector da construción, cunha porcentaxe do 9,5%, pero só son mulleres o 16,1% das persoas que traballan no devandito sector.

Persoas asalariadas, SMA, por sexo e idade.

	Homes		Mulleres		Fenda de xénero
	Galicia		Galicia		
	Asalariados	SMA	Asalariadas	SMA	
	2021	2021	2021	2021	
<i>Total idade</i>	542.822	22.818	499.991	18.580	18,6
<i>Menor de 18 anos</i>	1.082	2.218	835	1.468	33,8
<i>De 18 a 25 anos</i>	43.540	8.306	37.771	6.439	22,5
<i>De 26 a 35 anos</i>	100.078	17.540	96.260	15.604	11,0
<i>De 36 a 45 anos</i>	150.342	23.373	143.477	19.014	18,6
<i>De 46 a 55 anos</i>	149.132	27.025	137.266	21.155	21,7
<i>De 56 a 65 anos</i>	91.534	27.702	79.149	23.008	16,9
<i>Mayor de 65 anos</i>	7.114	26.309	5.233	17.253	34,4

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

Tan grave como esta fenda de xénero existente é constatar que non vai desaparecer a curto prazo, salvo que se tomen medidas en serio. Fóra das persoas con máis de 65 anos, a maior fenda de xénero prodúcese entre a poboación de menor idade.

Mesmo entre a poboación de entre 26 a 35 anos, onde os estudos xa están rematados e, en xeral, o nivel de formación das mulleres é superior ao dos homes, esta fenda non desaparece. Concretamente foi de 11 puntos no ano 2021.

Outro dato preocupante é que até os 46 anos as mulleres non acadan, sequera, os 20.000 euros brutos anuais de ingresos. No caso dos homes esta cifra acádase 10 anos antes.

Poboación parada

A poboación parada descendeu tanto no caso das mulleres como no dos homes, pero o descenso beneficiou en maior medida aos homes.

Poboación parada segundo sexo. Datos en miles

	2019	2021	2022	2022/2019	2022/2021
Total	145,9	143,1	136,7	-9,20	-6,40
Homes	69,1	67,7	64,4	-4,70	-3,30
Mulleres	76,8	75,4	72,3	-4,50	-3,10

Fonte: EPA (INE)

Son 72.300 as mulleres que durante o ano 2021 estiveron desempregadas en Galiza. No caso dos homes, son 64.400. Polo tanto, o 52,9% das persoas desempregadas en Galiza son mulleres (no ano 2019, representaban o 52,65).

Vexamos o gráfico que reflicte as taxas de paro:

Taxa de paro segundo grupo de idade e sexo.

Taxa de paro			
	2019	2021	2022
<i>Total</i>			
	11,8	11,7	11
Homes	10,7	10,6	10,1
Mulleres	12,8	12,8	12
<i>de 16 a 24 anos</i>			
<i>Total</i>	27,8	32,2	32,5
Homes	28,3	31,3	31,8
Mulleres	27,3	33,5	33,5
<i>de 25 a 54 anos</i>			
<i>Total</i>	11,3	11	10,2
Homes	10	9,6	9
Mulleres	12,7	12,5	11,5
<i>de 55 e máis anos</i>			
<i>Total</i>	9,9	9,9	9,2
Homes	9,2	9,4	8,5
Mulleres	10,5	10,5	9,9

Fonte: EPA (INE)

A taxa de paro feminina, a pesar do aumento do emprego, continúa superando a masculina en preto de 2 puntos porcentuais, situándose no 12% da poboación activa.

En todos os grupos de idade, a taxa feminina supera a masculina.

As maiores taxas de paro danse entre a poboación máis nova. Entre as persoas menores de 24 anos, esta taxa é do 33,5% no caso das mulleres que están en activo.

Poboación inactiva

Poboación inactiva segundo clase principal de inactividade e sexo. Datos en miles

	2019	2021	2022	2022/2019	2022/2021
<i>Total</i>					
<i>Total</i>	1.094,20	1.112,70	1.102,20	8,00	-10,50
<i>Homes</i>	473,6	481	482,2	8,60	1,20
<i>Mulleres</i>	620,6	631,7	620	-0,60	-11,70
<i>Estudiante</i>					
<i>Total</i>	152,8	183,6	177,9	25,10	-5,70
<i>Homes</i>	72,5	87,2	83,2	10,70	-4,00
<i>Mulleres</i>	80,3	96,4	94,7	14,40	-1,70
<i>Xubilado/a</i>					
<i>Total</i>	521,1	532,2	529,2	8,10	-3,00
<i>Homes</i>	298,2	297,1	298,3	0,10	1,20
<i>Mulleres</i>	222,9	235	230,9	8,00	-4,10
<i>Labores da casa</i>					
<i>Total</i>	197,8	178,7	174,9	-22,90	-3,80
<i>Homes</i>	28,1	24,4	25,4	-2,70	1,00
<i>Mulleres</i>	169,7	154,3	149,5	-20,20	-4,80
<i>Incapacitado permanente</i>					
<i>Total</i>	90,8	79,4	56,6	-34,20	-22,80
<i>Homes</i>	49,6	43,8	33,2	-16,40	-10,60
<i>Mulleres</i>	41,3	35,6	23,4	-17,90	-12,20
<i>Percibindo unha pensión distinta da xubilación</i>					
<i>Total</i>	111,1	117,4	138,9	27,80	21,50
<i>Homes</i>	12,8	15,6	24,5	11,70	8,90
<i>Mulleres</i>	98,3	101,9	114,4	16,10	12,50
<i>Outra</i>					
<i>Total</i>	8,9	12	14,2	5,30	2,20
<i>Homes</i>	5,2	6	9,1	3,90	3,10
<i>Mulleres</i>	3,7	6	5,2	1,50	-0,80
<i>Non sabe. Non refire estado de inactividade</i>					
<i>Total</i>	11,7	9,4	10,4	-1,30	1,00
<i>Homes</i>	7,3	6,8	8,5	1,20	1,70
<i>Mulleres</i>	4,3	2,6	1,9	-2,40	-0,70

Fonte: EPA (INE)

A poboación inactiva reduciuse no último ano grazas a que descendeu no caso da poboación feminina. Tamén con respecto a 2019 hai menos poboación inactiva feminina.

No caso dos homes, medrou tanto con respecto a 2019 como no caso do último ano.

A evolución por clases de inactividade é cando menos chocante: redúcense notabelmente as inactividades por incapacidade permanente, tanto entre mulleres como entre homes, e aumentan as persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación, tanto con respecto a 2019 como a 2021.

Entre as mulleres, o máis destacado é o seu forte descenso no apartado de labores da casa. Este descenso xa se fixera notar o ano anterior. A pandemia obrigara a moitas mulleres a facérense cargo de persoas dependentes. Así durante 2020 aumentaran notablemente as mulleres inactivas no apartado de labores da casa. Mais xa en 2021 houbo un descenso desta cifra, descenso que continuou en 2022.

A poboación estudantil tamén descendeu neste último ano, freando o medre que se viña producindo desde 2019, tanto en homes como en mulleres. Parte deste descenso tamén se debe á caída demográfica.

Pensións

As peores condicións, ano tras ano no mercado laboral, repercuten á hora da xubilación, e plásmanse nunha menor pensión media das mulleres e nunha fenda superior á salarial.

Pensionistas e pensión media segundo sexo. Ano 2022

2022

	Número	Importe medio (euros)
<i>Ambos sexos</i>	770.119	936,94
<i>Homes</i>	354.117	1.148,28
<i>Mulleres</i>	415.999	757,05
<i>Fenda das pensións</i>		34,1

Fonte: Pensións e outras prestacións.

En termos absolutos, a diferenza entre a pensión dunha muller e a dun home é de 391,23 euros mensuais. Esta diferenza sitúa a fenda de xénero das pensións no 34,1%.

A fenda de xénero das pensións é do 34,1%

As menores bases de cotización, xunto cun menor número de anos cotizados, explican esta fenda de xénero tan elevada.

Imos comezar polos anos cotizados:

Anos cotizados segundo sexo e idade.

	Total	Homes	Mulleres	
<i>2020</i>				
<i>Menor de 25 anos</i>	1,4	1,4	1,3	-0,1
<i>De 25 a 34</i>	5,35	5,64	5,06	-0,6
<i>De 35 a 44</i>	13,5	14,4	12,6	-1,8
<i>De 45 a 54</i>	20,3	22,3	18,2	-4,1
<i>De 55 a 64</i>	27,3	30,8	23,6	-7,2
<i>De 65 ou máis anos</i>	29,6	35	24,1	-10,9

Fonte: Mostra continua de vidas laborais. Ano 2020

As diferenzas comezan a producirse nos primeiros anos da vida laboral, entre as persoas menores de 25 anos, xa que os homes teñen un mes máis cotizado con respecto ás mulleres. A medida que aumenta a idade as diferenzas tamén se van incrementando e, así, na idade da xubilación ou próxima, aos 65 anos, a diferenza chega a 10 anos e 1 mes.

As menores bases de cotización son o outro factor que explica a elevada fenda.

Bases de cotización, segundo sexo e idade.

	Total	Homes	Mulleres	Diferencia sexo
	2020	2020	2020	
<i>Total</i>	1.713	1.856	1.578	-278
<i>De 16 a 24 anos</i>	1.109	1.170	1.036	-134
<i>De 25 a 34 anos</i>	1.538	1.588	1.492	-96
<i>De 35 a 44 anos</i>	1.755	1.912	1.613	-299
<i>De 45 a 54 anos</i>	1.841	2.048	1.653	-395
<i>De 55 a 64 anos</i>	1.893	2.088	1.699	-389
<i>65 ou máis anos</i>	1.807	2.088	1.564	-524

Fonte: Mostra continua de vidas laborais. Ano 2020

As diferenzas medias nas bases de cotización foron de 278 euros no ano 2020.

Á marxe das persoas con máis de 65 anos, as maiores diferenzas danse entre a poboación de 35 a 44 anos, que son de 395 euros mensuais. Entre a xente máis nova, as diferenzas son menores, pero aínda así non deixan de ser significativas.

Polo tanto, pór fin a estas diferenzas é imprescindible para reducir, primeiro, a fenda salarial e logo a das pensións.

E aínda faltarían as pensionistas das prestacións non contributivas, aquelas ás que acceden as persoas por non teren cotizado o suficiente para acceder a unha contributiva. Neste caso, o peso das mulleres é moi avultado, concretamente o 65,6% destas pensionistas que perciben prestacións non contributivas son mulleres. Así, hai en Galiza 24.410 mulleres cobrando unha pensión non contributiva.

Igualmente, a Renda de Integración Social de Galiza, coñecida como RISGA, é outra prestación cun marcado acento feminino: das 7.211 persoas que a percibiron no ano 2021 o 61,1%, 4.408, son mulleres.